



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO GALEGO DE LONDRES PARA AS OBRAS DE ADECUACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA SEDE ÓS NOVOS REQUISITOS DA NORMATIVA MUNICIPAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro galego de Londres o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para executar as obras de adecuación das instalacións da sede do Centro Galego de Londres ós novos requisitos da normativa municipal recentemente aprobada.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Centro Galego de Londres é unha entidade fundada en 1968 sen ánimo de lucro, rexistrada como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade con 412 socios, dos cales o 85% son galegos, que ten como obxecto a promoción e o fomento da cultura galega en Londres así como agrupar ós emigrantes galegos residentes naquela cidade, e





é a única entidade galega con sede no país, polo que é o seu especial referente e lugar de encontro, contando ademais das salas sociais e recreativas cun restaurante-bar que se torna na súa principal fonte de financiamento.

A sede social, adquirida en 2004, estaba en situación de significativo deterioro e foise acondicionando ó longo dos últimos anos. Logo dunha recente modificación da normativa municipal o centro está forzado á executar con urxencia diversas obras para a súa adecuación a nova normativa, tales como saídas de emerxencia, modificación das instalacións da cociña e aseos, instalación de extractores de fumes e gases, etc,

Para regularizar a situación do centro e poder manter a autorización necesaria de funcionamento .que lle permita poder continuar desenvolvendo as actividades derivadas do seu obxecto social resulta necesario acometer con urxencia as obras requiridas pola nova normativa.

A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración co obxecto de contribuír á execución das obras de adecuación das intalacións da sede do Centro galego de Londres ós novos requisitos da normativa municipal recentemente aprobada.

Para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, unha contía de catorce mil cincocentos euros (14.500 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados no Texto da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 28 de agosto de 2018.

